

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA XXII EDICIÓN DOS PREMIOS MARÍA CASARES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) DECLARA:

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación de Actores e Actrices de Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o 8 de xaneiro de 2018 ata o 20 de setembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é realización de actividades relacionadas coa XXII edición dos Premios de Teatro María Casares, convocatoria que recoñece o labor desenvolvido pola profesión teatral en Galicia en catorce categorías ás que optan producións galegas de teatro de actor estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017, así como todos os profesionais que participen nas montaxes nese período, e que terá o seu punto culminante na gala de entrega de premios, que se celebrará o 21 de marzo de 2018 no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Outras actividades relacionadas coa figura da actriz que dá nome a estes premios, María Casares, e que teñen como finalidade a recuperación e reivindicación da súa memoria, como os roteiros María Casares, as proxeccións no Centro Galego de Artes de Imaxe e os coloquios na Casa Museo Casares Quiroga, dan corpo á edición 2018 dos Premios María Casares.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia organiza de forma sucesiva unha das citas anuais de referencia no eido escénico, os premios de teatro María Casares, evento de ampla traxectoria no que se recoñece anualmente o traballo e o esforzo dos profesionais deste sector cultural, que se converte nun espazo privilexiado de encontro anual das xentes vinculadas ao mundo do teatro en Galicia, nun foro social de recoñecemento do labor emprendido polos profesionais galegos do teatro e nun ámbito de proxección pública do seu traballo tanto en Galicia coma fóra da Comunidade.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

Todo este esforzo no fomento dun sector como o teatral que leva a cabo a Asociación de actores e actrices de Galicia, e que ten o seu punto culminante e de maior proxección pública na organización dos premios María Casares, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria teatral que a Agadic pretende levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas, establecendo accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

